

PARA LUÍSA

Silenzo me chaman porque neste tempo
en que vivo non se me escoita
As chaves do tempo: Luísa Villalta

Palabra

palabra che chaman porque nese tempo
en que vives aínda se che escoita.
Escoitamos a túa voz, dentro nosa a túa voz
coma un instinto xeracional de liberdade.
Niso quedamos, falando da rula en flor.
Un vagalume,
un vagalume da palabra na noite escura
o teu recordo convertido en paisaxe na nosa fala.
Conversamos,
falamos coma os seixos do río que comeza
a pasar tamén por nós.
Onde a morte acaricia os corazóns mozos
está erixíndose o novo pazo da túa voz,
eternamente viva, xa sabía para sempre.
O recordo do teu rostro é a casa onde sempre
estaremos todos convidados á pronuncia da túa voz.
Unha palabra,
soamente unha palabra máis nos teus beizos
e iluminaranse todas as paisaxes desta fala.